



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a los cribados del cáncer de mama.**

El cáncer de mama tiene una gran incidencia y prevalencia. Según los datos del Registro gallego de tumores, en el año 2023 —año más reciente del que hay datos publicados—, se diagnosticaron 2.396 nuevos casos en Galicia, lo que implica el 32,5 % de los diagnósticos en mujeres y el 13,8 % de la totalidad de nuevos tumores.

Con el incremento de la supervivencia también aumenta la prevalencia, por lo que son muchas las mujeres que, a día de hoy, conviven con la enfermedad y con sus consecuencias. A pesar de ello, conviene tener presente que en el año 2023 fueron 388 las personas que fallecieron por esta patología, y la supervivencia a los 5 años se sitúa en el 82,8 %.

En Galicia lleva funcionando el Programa gallego de detección precoz del cáncer de mama desde el año 1992, con el objetivo explícito, tal y como recogen los propios informes del SERGAS, de lograr el diagnóstico precoz del cáncer de mama, idealmente en los estadios I y II, con el fin de mejorar el pronóstico y la supervivencia a la enfermedad.

Este programa estaba destinado en primera instancia a todas las mujeres entre 50 y 64 años, pero desde el año 2004 se amplió para englobar también hasta los 74 años. Conviene señalar con respecto a este programa el anuncio hecho por el presidente de la Xunta en enero de 2023 para ampliar las edades englobadas, con la pretensión de incluir a mujeres desde los 45 años.

En el conjunto del Estado español, el programa de cribado de cáncer de mama se incorporó a la cartera de servicios comunes del sistema de salud en el año 2014 mediante la Orden SSI/2065/2014, ofreciendo desde entonces la realización de una mamografía bianual a las mujeres entre 50 y 69 años.

Sin embargo, en la actualidad la RedETS está elaborando un informe de análisis de la efectividad clínica y coste-efectividad de la ampliación del programa de cribado a mujeres de 45-49 y 70-74 años y del uso de la tomosíntesis digital mamaria en determinados casos.



Medidas que ya están funcionando en diferentes lugares del Estado, como en Galicia que amplió la edad máxima para ser incluida en el cribado, aunque con una implantación desigual.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué valoración hace el Ministerio de Sanidad sobre la ampliación de las edades incluidas en el programa de cribado de cáncer de mama?
2. ¿Cuáles son los datos preliminares del análisis de la efectividad clínica coste-efectividad de la ampliación del programa de cribado que se está realizando actualmente?
3. ¿Se está realizando algún estudio sobre la incidencia y la prevalencia de esta patología, especialmente en las edades no incluidas en el programa de cribado? ¿En qué estadios se diagnostican estos tumores en personas no incluidas en los cribados?
4. ¿Considera el Ministerio incluir la recomendación de uso de la resonancia magnética como método diagnóstico dados sus menores efectos secundarios?

Madrid, a 16 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 MAR. 2026 09:16:22

Entrada **106330**

Sobre os cribados do cancro de mama

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos cribados do cancro de mama.**

O cancro de mama ten unha grande incidencia e prevalencia. Segundo os datos do Rexistro galego de tumores, no ano 2023 –ano máis recente do que hai datos publicados–, diagnosticáronse 2.396 novos casos na Galiza, o que implica 32,5% dos diagnósticos en mulleres e 13,8% da totalidade de novos tumores.

Co incremento da supervivencia tamén aumenta a prevalencia, polo que son moitas as mulleres que, a día de hoxe, conviven coa enfermidade e coas súas consecuencias. A pesar disto, cómpre ter presente que no ano 2023 foron 388 as persoas que faleceron por esta patoloxía, e a supervivencia aos 5 anos sitúase en 82,8%.

Na Galiza leva funcionando o Programa galego de detección precoz do cancro de mama desde o ano 1992, co obxectivo explícito, tal e como recollen os propios informes do SERGAS, de lograr o diagnóstico precoz do cancro de mama, idealmente nos estadios I e II, coa fin de mellorar o prognóstico e a supervivencia á enfermidade.

Este programa estaba destinado en primeira instancia a todas as mulleres entre 50 e 64 anos, mais desde o ano 2004, ampliouse para englobar tamén até os 74 de anos de idade. Cómpre sinalar a respecto deste programa o anuncio feito polo



presidente da Xunta en xaneiro de 2023 para ampliar as idades englobadas, coa pretensión de incluír a mulleres desde os 45 anos.

No conxunto do Estado español, o programa de cribado de cancro de mama incorporouse á carteira de servizos comúns do sistema de saúde no ano 2014 mediante a orde SSI/2065/2014 ofrecendo desde aquela a realización dunha mamografía bianual ás mulleres entre os 50 e 69 anos.

Mais na actualidade a RedETS está a elaborar un informe de análise da efectividade clínica e custo-efectividade da ampliación do programa de cribado a mulleres de 45-49 e 70-74 anos e do uso da tomosíntese dixital mamaria en determinados casos. Medidas que xa están a funcionar en diferentes lugares do Estado, coma na Galiza que ampliou a idade máxima para ser incluída no cribado, aínda que cunha implantación desigual.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que valoración fai o Ministerio de Sanidade sobre a ampliación das idades incluídas no programa de cribado de cancro de mama?
2. Cales son os datos preliminares da análise da efectividade clínica custo-efectividade da ampliación do programa de cribado que se está a ser realizado actualmente?
3. Está a ser realizado algún estudo sobre a incidencia e a prevalencia desta patoloxía, sobre todo nas idades non incluídas no programa de cribado? En que estadios se diagnostican estes tumores de persoas non incluídas nos cribados?



4. Considera o Ministerio incluír a recomendación de uso da resonancia magnética como método diagnóstico dados os seus menores efectos secundarios?

Madrid, a 16 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso